La Voz de Galicia LUNS 10 DECEMBRO 2018 ● ANO XIII - Nº 525 ● Correo: liderlugo@lavoz.es

# 1 Líder



2 1

# OSÍXENO CELESTE

O Viveiro colleu aire tras remontar no derbi provincial da Liga Galega cadete ante a Milagrosa, ao que os dous equipos chegaban necesitados de puntos. Róber adiantou aos de Madriles pero, na segunda parte, os mariñaos déronlle a volta ao marcador con dous goles de Luis

DIVISIÓN HONRA XUVENIL

## Próxima parada, Mareo



O próximo domingo o Lugo visita ao Spórting de Gijón, segundo clasificado. Os de Álex Antón chegan á cita a catro puntos tras volver á senda da vitoria nesta xornada ante o Alondras

REPORTAXE

## Novas axudas da Deputación a deportistas

O Executivo Provincial concedeu 150 bolsas individuais cun valor total de 75.000 euros e asignadas baixo criterios de concorrencia competitiva

CADETE PROVINCIAL

## Tres prazas para o Provincial aínda en xogo

Na última xornada do ano, o próximo fin de semana, decidiranse as tres prazas vacantes para o Provincial cadete: a segunda no grupo Sur e as correspondentes aos dous mellores terceiros clasificados

LIGA GALEGA INFANTIL

## A Residencia estreou a conta

Primeira vitoria para os de Kaiser que suman sete puntos e chegan coa moral a tope á próxima xornada na que se medirán coa Milagrosa no derbi lucense que se disputará en Frigsa



# 1 Líder Clasificacións » Ligas Superiores e Provinciais

## XUVENIL D. DE HONRA

### RESULTADOS

R. Oviedo – TSK Roces 2-0
R. Santander – R. Ferrol 2-1
Val Miñor – Sp. Gijón 1-3
Ural – RC Celta 2-1
At. Perinés – Deportivo 3-2
Pontevedra – Bansander 6-2
CD Lugo – Alondras 3-0
Colindres – Covadonga ---

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTOS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| RC CELTA | 38 | 16 | 12 | 2 | 2 | 39 | 15 |
| SPORTING GIJÓN | 37 | 16 | 11 | 4 | 1 | 53 | 12 |
| R SANTANDER | 35 | 16 | 11 | 2 | 3 | 45 | 16 |
| **CD LUGO** | **33** | **16** | **10** | **3** | **3** | **31** | **17** |
| REAL OVIEDO | 30 | 16 | 8 | 6 | 2 | 26 | 9 |
| URAL CF | 26 | 16 | 8 | 2 | 6 | 32 | 25 |
| RC DEPORTIVO | 25 | 16 | 7 | 4 | 5 | 31 | 18 |
| ATL PERINES | 23 | 16 | 6 | 5 | 5 | 25 | 31 |
| RACING FERROL | 20 | 16 | 5 | 5 | 6 | 23 | 27 |
| ED VAL MIÑOR | 20 | 16 | 5 | 5 | 6 | 20 | 25 |
| TSK ROCES | 18 | 16 | 5 | 3 | 8 | 17 | 35 |
| BANSANDER | 17 | 16 | 5 | 2 | 9 | 18 | 36 |
| CD COVADONGA | 10 | 15 | 2 | 4 | 9 | 12 | 28 |
| PONTEVEDRA CF | 9 | 16 | 3 | 0 | 13 | 19 | 39 |
| ALONDRAS CF | 8 | 16 | 2 | 2 | 12 | 9 | 41 |
| CD COLINDRES | 6 | 15 | 1 | 3 | 11 | 5 | 31 |

### PRÓXIMA XORNADA

Sp. Gijón – CD Lugo
Alondras – R. Santander
Covadonga – Val Miñor
R. Ferrol – Pontevedra
RC Celta – Colindres
Deportivo – R. Oviedo
TSK Roces – Ural
Bansander – At. Perines

## XUVENIL LIGA NACIONAL

### RESULTADOS

CD Lugo B – Val Miñor B 3-0
Porriño – RC Celta B 0-4
Orillamar – Arosa 0-2
Pabellón – Choco 0-2
Conxo – Victoria 2-1
Sta. Mariña – Deportivo B 1-1
RC Villalbés – Calasanz 0-0
CD Areosa – R. Bouzas 2-2
Valladares – CD Lérez 4-1

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTOS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| R.C. CELTA "B" | 37 | 15 | 12 | 1 | 2 | 43 | 15 |
| C.D. CALASANZ | 35 | 15 | 11 | 2 | 2 | 28 | 13 |
| VICTORIA C.F. | 32 | 15 | 10 | 2 | 3 | 32 | 19 |
| DEPORTIVO "B" | 29 | 15 | 9 | 2 | 4 | 30 | 15 |
| PABELLON C.F. | 28 | 15 | 8 | 4 | 3 | 31 | 16 |
| C.D. CHOCO | 26 | 15 | 8 | 2 | 5 | 28 | 18 |
| C.D. CONXO | 25 | 15 | 8 | 1 | 6 | 37 | 30 |
| **R. VILLALBES** | **23** | **15** | **7** | **2** | **6** | **16** | **23** |
| C.D. AREOSA | 20 | 15 | 6 | 2 | 7 | 22 | 24 |
| RAPIDO BOUZAS | 19 | 15 | 5 | 4 | 6 | 17 | 17 |
| VAL MIÑOR "B" | 18 | 15 | 4 | 6 | 5 | 18 | 19 |
| PORRIÑO | 18 | 15 | 5 | 3 | 7 | 22 | 29 |
| VALLADARES | 15 | 15 | 4 | 3 | 8 | 23 | 27 |
| AROSA S.C. | 15 | 15 | 4 | 3 | 8 | 14 | 22 |
| SANTA MARIÑA | 14 | 15 | 4 | 2 | 9 | 19 | 23 |
| **C.D. LUGO "B"** | **13** | **15** | **4** | **1** | **10** | **18** | **35** |
| ORILLAMAR S.D. | 11 | 15 | 3 | 2 | 10 | 22 | 46 |
| C.D. LEREZ | 5 | 15 | 1 | 2 | 12 | 18 | 47 |

### PRÓXIMA XORNADA

Valladares – Val Miñor B
Deportivo B – Conxo
RC Celta B – CD Lugo B
Calasanz – Sta. Mariña
Arosa SC – Porriño
R. Bouzas – RC Villalbés
Choco – Orillamar
CD Lérez – CD Areosa
Victoria – Pabellón

## XUVENIL GALEGA NORTE

### RESULTADOS

Residencia A – As Pontes 0-1
Compostela – G. Caranza 2-0
Ural B – Montañeros 1-1
At. Arteixo – EF Lalín 4-4
Victoria B – Conxo B 2-1
Estrada FB – O Val 0-2
Bergantiños – Betanzos 1-0
Viveiro CF – At. Riveira 3-2
Boiro – Dumbría 1-0

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTOS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| E.F. LALIN | 36 | 15 | 11 | 3 | 1 | 42 | 17 |
| S.D. COMPOSTELA | 36 | 15 | 11 | 3 | 1 | 33 | 13 |
| MONTAÑEROS C.F. | 32 | 15 | 9 | 5 | 1 | 32 | 13 |
| S.D. O VAL | 32 | 15 | 10 | 2 | 3 | 32 | 19 |
| BERGANTIÑOS C.F. | 28 | 15 | 8 | 4 | 3 | 27 | 14 |
| C.F. DUMBRIA | 26 | 15 | 8 | 2 | 5 | 26 | 20 |
| C.D. BOIRO | 24 | 15 | 7 | 3 | 5 | 26 | 21 |
| URAL C.F. "B" | 23 | 15 | 6 | 5 | 4 | 31 | 21 |
| ESTRADA FB | 22 | 15 | 7 | 1 | 7 | 20 | 26 |
| VICTORIA C.F. "B" | 20 | 15 | 6 | 2 | 7 | 25 | 25 |
| **VIVEIRO C.F. "A"** | **20** | **15** | **5** | **5** | **5** | **24** | **26** |
| GALICIA CARANZA | 18 | 15 | 5 | 3 | 7 | 27 | 30 |
| C.D. CONXO "B" | 15 | 15 | 5 | 0 | 10 | 25 | 25 |
| C.D. AS PONTES | 14 | 15 | 4 | 2 | 9 | 20 | 24 |
| **S.D. RESIDENCIA** | **14** | **15** | **4** | **2** | **9** | **24** | **33** |
| AT. DE RIVEIRA | 10 | 15 | 3 | 1 | 11 | 30 | 58 |
| BETANZOS C.F. | 7 | 15 | 2 | 1 | 12 | 18 | 49 |
| AT. ARTEIXO | 4 | 15 | 0 | 4 | 11 | 18 | 46 |

### PRÓXIMA XORNADA

Boiro – As Pontes
O Val – Victoria B
G. Caranza – Residencia
Betanzos – Estrada FB
Montañeros – Compostela
At. Riveira – Bergantiños
EF Lalín – Ural B
Dumbría – Viveiro CF
Conxo B – At. Arteixo

## XUVENIL GALEGA SUR

### RESULTADOS

Calasancio – Barco 1-2
Coruxo – Alondras B 1-2
Ribadumia – Ourense CF 0-3
Comsaña – Vila Corpus 3-0
A Seca – Portonovo 1-2
Choco B – Pabellón B 1-1
UD Ourense – AJ Lérez 3-1
Barbadas – Monteporreiro 1-0
Tomiño – Verín 1-0

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OURENSE C.F. | 37 | 15 | 12 | 1 | 2 | 48 | 16 |
| U.D. OURENSE | 36 | 15 | 11 | 3 | 1 | 35 | 14 |
| MONTEPORREIRO | 31 | 15 | 10 | 1 | 4 | 38 | 20 |
| A.J. LEREZ | 25 | 15 | 8 | 1 | 6 | 36 | 22 |
| U.D. BARBADAS | 23 | 15 | 7 | 2 | 6 | 19 | 21 |
| **C.P. CALASANCIO** | **22** | **15** | **6** | **4** | **5** | **19** | **21** |
| A.D. TOMIÑO | 21 | 15 | 6 | 3 | 6 | 36 | 38 |
| ALONDRAS "B" | 21 | 15 | 6 | 3 | 6 | 25 | 28 |
| PABELLON "B" | 20 | 15 | 5 | 5 | 5 | 37 | 25 |
| A.D. VILA CORPUS | 20 | 15 | 6 | 2 | 7 | 24 | 29 |
| CORUXO F.C. | 19 | 15 | 5 | 4 | 6 | 24 | 24 |
| PORTONOVO S.D. | 18 | 15 | 5 | 3 | 7 | 25 | 30 |
| U.D. COMESAÑA | 17 | 15 | 5 | 2 | 8 | 27 | 36 |
| A.C.D. A SECA | 16 | 15 | 5 | 1 | 9 | 27 | 29 |
| C.D. RIBADUMIA | 15 | 15 | 4 | 3 | 8 | 27 | 37 |
| E.D.C. VERIN | 15 | 15 | 4 | 3 | 8 | 20 | 30 |
| C.D. BARCO | 14 | 15 | 4 | 2 | 9 | 18 | 43 |
| C.D. CHOCO "B" | 11 | 15 | 2 | 5 | 8 | 14 | 36 |

### PRÓXIMA XORNADA

Tomiño – Barco
Pabellón B – A Seca
Alondras B – Calasancio
AJ Lérez – Choco B
Ourense CF – Coruxo
Monteporreiro-UD Ourense
Vila Corpus – Ribadumia
Verin – Barbadas
Portonovo – Comesaña

## CADETE DIVISIÓN HONRA

### RESULTADOS

CD Lugo – Ourense CF 1-2
Coruxo – RC Celta Merc.
Ural – Montañeros 1-0
Pabellón – R. Ferrol 3-0
Conxo – Victoria 4-0
Sta. Mariña – Deportivo Xov.
Bergantiños – Calasanz 0-1
CD Areosa – San Tirso 3-3
Val Miñor – Pontevedra 1-0

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| R.C. CELTA S.A.D. | 36 | 14 | 12 | 0 | 2 | 59 | 10 |
| R.C. DEPORTIVO | 35 | 14 | 11 | 2 | 1 | 43 | 10 |
| URAL C.F. | 34 | 15 | 11 | 1 | 3 | 27 | 13 |
| PABELLON C.F. | 26 | 15 | 8 | 2 | 5 | 30 | 19 |
| C.D. CALASANZ | 25 | 14 | 7 | 4 | 3 | 18 | 15 |
| **C.D. LUGO** | **24** | **15** | **7** | **3** | **5** | **31** | **21** |
| E.D. VAL MIÑOR | 22 | 15 | 6 | 4 | 5 | 24 | 19 |
| PONTEVEDRA C.F. | 21 | 15 | 7 | 0 | 8 | 25 | 26 |
| OURENSE C.F. | 21 | 15 | 6 | 3 | 6 | 19 | 25 |
| C.D. CONXO | 19 | 14 | 5 | 4 | 5 | 20 | 18 |
| SAN TIRSO S.D. | 19 | 14 | 5 | 4 | 5 | 25 | 24 |
| CORUXO F.C. | 19 | 14 | 6 | 1 | 7 | 20 | 24 |
| RACING FERROL | 18 | 14 | 5 | 3 | 6 | 19 | 31 |
| VICTORIA C.F. | 15 | 15 | 5 | 0 | 10 | 18 | 33 |
| SANTA MARIÑA | 10 | 14 | 2 | 4 | 8 | 12 | 27 |
| BERGANTIÑOS C.F. | 10 | 15 | 2 | 4 | 9 | 18 | 45 |
| MONTAÑEROS C.F. | 9 | 15 | 2 | 3 | 10 | 10 | 37 |
| C.D. AREOSA | 7 | 15 | 1 | 4 | 10 | 19 | 40 |

### PRÓXIMA XORNADA

Val Miñor – Ourense
Deportivo – Conxo
RC Celta – CD Lugo
Calasanz – Sta. Mariña
Montañeros – Coruxo
San Tirso – Bergantiños
R. Ferrol – Ural
Pontevedra – CD Areosa
Victoria – Pabellón

## CADETE GALEGA NORTE

### RESULTADOS

Dumbría – San Tirso B 0-2
Bertamiráns – G. Caranza 3-0
Ural B – RC Villalbés 0-1
Deportivo B – Orillamar 6-0
Victoria B – X. Oroso 0-1
Estrada – R. Ferrol B 1-0
Bergantiños B – Calasanz B 3-0
Viveiro CF – Milagrosa 2-1
EF Lalín – CD Lugo B 0-2

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| BERTAMIRANS C.F. | 43 | 15 | 14 | 1 | 0 | 41 | 11 |
| X. OROSO | 40 | 15 | 13 | 1 | 1 | 56 | 16 |
| DEPORTIVO "B" | 33 | 15 | 10 | 3 | 2 | 40 | 11 |
| **RACING VILLALBES** | **33** | **15** | **10** | **3** | **2** | **32** | **15** |
| C.F. DUMBRIA | 29 | 15 | 9 | 2 | 4 | 24 | 17 |
| BERGANTIÑOS "B" | 25 | 15 | 7 | 4 | 4 | 21 | 13 |
| GALICIA CARANZA | 23 | 15 | 7 | 2 | 6 | 33 | 17 |
| ESTRADA FB | 22 | 15 | 6 | 4 | 5 | 21 | 27 |
| SAN TIRSO S.D. "B" | 21 | 15 | 6 | 3 | 6 | 24 | 24 |
| C.D. CALASANZ "B" | 19 | 15 | 5 | 4 | 6 | 18 | 18 |
| **C.D. LUGO "B"** | **19** | **15** | **6** | **1** | **8** | **20** | **32** |
| **VIVEIRO C.F. "A"** | **15** | **15** | **4** | **3** | **8** | **22** | **30** |
| URAL C.F. "B" | 14 | 15 | 4 | 2 | 9 | 13 | 22 |
| R. FERROL "B" | 13 | 15 | 3 | 4 | 8 | 13 | 33 |
| E.F. LALIN | 11 | 15 | 3 | 2 | 10 | 18 | 34 |
| **S.C.D. MILAGROSA** | **11** | **15** | **3** | **2** | **10** | **14** | **38** |
| VICTORIA C.F. "B" | 7 | 15 | 2 | 1 | 12 | 12 | 27 |
| ORILLAMAR S.D. | 6 | 15 | 2 | 0 | 13 | 9 | 46 |

### PRÓXIMA XORNADA

EF Lalin – San Tirso B
R. Ferrol B – Victoria B
G. Caranza – Dumbría
Calasanz B – Estrada
RC Villalbés – Bertamiráns
Milagrosa – Bergantiños B
Orillamar – Ural B
CD Lugo B – Viveiro CF
X. Oroso – Deportivo B

## INFANTIL GALEGA NORTE

### RESULTADOS

Residencia – Imperator 2-1
Bertamiráns – Milagrosa 7-0
Ural – Montañeros 3-0
Deportivo – EF Lalín 7-0
Victoria – Conxo 4-0
X. Oroso – R. Ferrol 6-1
Bergantiños – Calasanz 0-1
G. Caranza – At. Riveira 6-2
San Tirso – CD Lugo 0-2

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| R.C. DEPORTIVO | 45 | 15 | 15 | 0 | 0 | 106 | 7 |
| BERTAMIRANS F.C. | 42 | 15 | 14 | 0 | 1 | 65 | 10 |
| X. OROSO | 31 | 15 | 10 | 1 | 4 | 71 | 16 |
| VICTORIA C.F. | 31 | 15 | 10 | 1 | 4 | 46 | 33 |
| URAL C.F. | 31 | 15 | 10 | 1 | 4 | 29 | 18 |
| RACING FERROL | 28 | 15 | 9 | 1 | 5 | 32 | 31 |
| **C.D. LUGO** | **26** | **15** | **8** | **2** | **5** | **36** | **21** |
| MONTAÑEROS C.F. | 24 | 15 | 7 | 3 | 5 | 33 | 27 |
| SAN TIRSO S.D. | 20 | 15 | 5 | 5 | 5 | 26 | 22 |
| E.F. LALIN | 20 | 15 | 6 | 2 | 7 | 34 | 45 |
| C.D. CALASANZ | 19 | 15 | 5 | 4 | 6 | 25 | 35 |
| C.D. CONXO | 19 | 15 | 5 | 4 | 6 | 27 | 39 |
| BERGANTIÑOS C.F. | 17 | 15 | 5 | 2 | 8 | 20 | 27 |
| GALICIA CARANZA | 15 | 15 | 5 | 0 | 10 | 28 | 49 |
| AT. DE RIVEIRA | 10 | 15 | 3 | 1 | 11 | 23 | 51 |
| IMPERATOR O.A.R. | 9 | 15 | 3 | 0 | 12 | 20 | 60 |
| **RESIDENCIA** | **4** | **15** | **1** | **1** | **13** | **9** | **68** |
| **MILAGROSA** | **0** | **15** | **0** | **0** | **15** | **5** | **76** |

### PRÓXIMA XORNADA

San Tirso – Imperator
R. Ferrol – Victoria
Milagrosa – Residencia
Calasanz – X. Oroso
Montañeros – Bertamiráns
At. Riveira – Bergantiños
EF Lalín – Ural
CD Lugo – G. Caranza
Conxo – Deportivo

## INFANTIL GALEGA SUR

### RESULTADOS

Calasancio – Ourense CF 1-3
Porriño – Alondras 2-2
ED Arousa – ED Ourense 1-3
Pabellón – EF Portero 3-0
Salgueiriños – Arosa SC 0-1
Choco – Pabellón Prom. 5-0
Sta. Mariña – CD Areosa 2-2
RC Celta – R. Bouzas 14-0
Coruxo – Val Miñor 1-4

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| R.C.CELTA S.A.D. | 45 | 15 | 15 | 0 | 0 | 106 | 3 |
| OURENSE C.F. | 35 | 15 | 11 | 2 | 2 | 55 | 21 |
| PABELLON C.F. | 35 | 15 | 11 | 2 | 2 | 41 | 9 |
| E.D. VAL MIÑOR | 28 | 15 | 8 | 4 | 3 | 39 | 18 |
| AROSA S.C. | 26 | 15 | 7 | 5 | 3 | 37 | 32 |
| SANTA MARIÑA | 24 | 15 | 6 | 6 | 3 | 29 | 18 |
| E.D. OURENSE | 24 | 15 | 8 | 0 | 7 | 24 | 26 |
| C.D. CHOCO | 22 | 15 | 6 | 4 | 5 | 37 | 23 |
| E.F. PORTERO | 22 | 15 | 6 | 4 | 5 | 25 | 22 |
| ALONDRAS C.F. | 22 | 15 | 6 | 4 | 5 | 31 | 37 |
| C.D. AREOSA | 21 | 15 | 6 | 3 | 6 | 36 | 33 |
| PORRIÑO C.F. | 16 | 15 | 4 | 4 | 7 | 28 | 39 |
| E.D. AROUSA S.D. | 16 | 15 | 5 | 1 | 9 | 22 | 46 |
| SALGUEIRIÑOS | 15 | 15 | 4 | 3 | 8 | 15 | 35 |
| RAPIDO BOUZAS | 11 | 15 | 3 | 2 | 10 | 18 | 49 |
| **C.P. CALASANCIO** | **7** | **15** | **2** | **1** | **12** | **13** | **39** |
| PABELLON PROM. | 7 | 15 | 2 | 1 | 12 | 8 | 59 |
| CORUXO F.C. | 6 | 15 | 2 | 0 | 13 | 12 | 67 |

### PRÓXIMA XORNADA

Coruxo – Ourense CF
CD Areosa – Choco
Alondras – Calasancio
R. Bouzas – Sta. Mariña
ED Ourense – Porriño
Val Miñor – RC Celta
Arosa SC – Pabellón
EF Portero – ED Arousa
Pabellón P. – Salgueiriños






## CADETE Provincial Norte

### RESULTADOS

Viveiro B – CD Foz 1-9
Lourenzá – Ribadeo 1-3
RC Villalbés B – Xove Lago 0-4
Burela SD – Pontenova 4-1

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| SD RIBADEO | 24 | 8 | 8 | 0 | 0 | 41 | 5 |
| BURELA S.D. | 19 | 8 | 6 | 1 | 1 | 33 | 10 |
| C.D. FOZ | 17 | 8 | 5 | 2 | 1 | 40 | 11 |
| U.D. XOVE LAGO | 16 | 8 | 5 | 1 | 2 | 28 | 12 |
| VILLALBES "B" | 9 | 8 | 3 | 0 | 5 | 14 | 36 |
| VIVEIRO C.F. "B" | 3 | 8 | 1 | 0 | 7 | 16 | 35 |
| E.D. LOURENZA | 3 | 8 | 1 | 0 | 7 | 8 | 31 |
| SP. PONTENOVA | 3 | 8 | 1 | 0 | 7 | 8 | 48 |

### PRÓXIMA XORNADA

Burela SD – R. Villalbés B
SD Ribadeo – Viveiro B
Xove Lago – Lourenzá
Pontenova – CD Foz

## CADETE Provincial Centro

### RESULTADOS

Sarriana B – Ferroviaria 3-2
Residencia B – At. Abuín 0-3
Sagrado – Polvorín A 1-3
Casás – Castro 2-2

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| SAGRADO | 19 | 8 | 6 | 1 | 1 | 21 | 5 |
| EF POLVORIN "A" | 18 | 8 | 7 | 0 | 1 | 32 | 5 |
| RESIDENCIA "B" | 16 | 8 | 5 | 1 | 2 | 31 | 9 |
| C.P. CASÁS | 11 | 8 | 3 | 2 | 3 | 17 | 9 |
| ATLETICO ABUIN | 11 | 8 | 3 | 2 | 3 | 12 | 9 |
| C.D. CASTRO | 5 | 8 | 1 | 2 | 5 | 13 | 30 |
| SARRIANA S.D. "B" | 4 | 8 | 1 | 1 | 6 | 6 | 33 |
| A.D. FERROVIARIA | 4 | 8 | 1 | 1 | 6 | 8 | 40 |

### PRÓXIMA XORNADA

Casás – Sagrado
At. Abuín – Sarriana B
Polvorín – Residencia B
Castro – Ferroviaria

## CADETE Provincial Sur

### RESULTADOS

Monterroso – Piringalla 8-0
Polvorín B – Becerreá 0-6
Antas SD – Sarriana A 0-7

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| RESIDENCIA "A" | 18 | 6 | 6 | 0 | 0 | 32 | 2 |
| S.D. MONTERROSO | 18 | 7 | 6 | 0 | 1 | 29 | 7 |
| S.D. SARRIANA "A" | 13 | 7 | 4 | 1 | 2 | 26 | 7 |
| S.D. BECERREA | 13 | 7 | 4 | 1 | 2 | 33 | 15 |
| A PIRINGALLA | 6 | 7 | 2 | 0 | 5 | 14 | 33 |
| EF POLVORIN "B" | 0 | 7 | 1 | 0 | 6 | 6 | 28 |
| ANTAS S.D. | 0 | 7 | 0 | 0 | 7 | 4 | 52 |

### PRÓXIMA XORNADA

Residencia A – Antas SD
Sarriana A – Polvorín B
Becerreá – Monterroso



Dani Vidal na acción que supuxo o dous a cero. O medio centro tirouse ao chan e rabuñou o balón ao defensa visitante batindo ao porteiro a media saída

# O Lugo volveu á senda da vitoria con moita autoridade

## PRIMEIRO ENCONTRO DA SEGUNDA VOLTA no que os de Álex Antón desquitáronse da última derrota en Nigrán

Primeiro partido da segunda volta na División de Honor xuvenil, unha competición na que xornada tras xornada pódese comprobar que calquera equipo pode perder puntos en calquera campo, o que fai de aínda máis atractiva unha competición na que o Lugo espera chegar ás últimas xornadas con cousas que dicir no máis alto da clasificación.

Ante o Alondras os de Álex Antón volveron á senda da vitoria tras deixarse todo o botín en xogo en Nigrán ante o Val Miñor o pasado xoves, nun partido que terminou cun sorprendente tres a cero. Na Cheda o Lugo volveu poñer orde ante un rival da zona baixa que concedeu moitas facilidades ao longo dos noventa minutos nos que só disparou en dúas ocasións á portería defendida por Brais.

O Lugo levou o peso do encontro e dispuxo dunha primeira ocasión cun disparo ao poste de Christian antes de que Álex Ramos inaugurase o marcador co un a cero co que se chegou ao descanso tras enviar ao fondo das mallas o balón tras unha serie de rexeites na área visitante.

Christian volveu acariñar o gol cunha vaselina que se foi rozando o poste antes de que terminase a primeira parte e os dous equipos se retiraran aos vestiarios, cunha sensación de superioridade máis ampla do que indicaba o axustado un a cero no marcador.

Nada máis empezar a segunda parte, Dani Vidal demostrou unha vez máis que é o máis listo da clase. O capitán albivermello aproveitou a indecisión dun defensa e o porteiro visitante para meter a puntera e enviar o balón ao fondo das mallas.

Co dous a cero o partido rompeuse por completo e Christian por fin tivo a súa recompensa, ao rematar un centro de Casariego nun final de partido no que o Lugo paseouse e puido asinar unha avultada vitoria ante un Alondras sen capacidade de reacción.

**CD LUGO 3 – 0 ALONDRAS**

**Goles:** Ramos, Vidal e Cristian




**Arbitro:** Alejandro Vázquez Méndez **Campo:** A Cheda

### "Partido serio por nuestra parte ante un rival de la zona baja" MIGUEL MATEOS CD Lugo

**4º POSTO**

Con toda unha segunda volta por diante, o cadro lucense está a catro puntos do terceiro e a cinco do líder, un Celta que perdeu o seu segundo encontro ante o Ural na Coruña

### Duelo de alturas

Nas próximas xornadas o Lugo ten duelos directos cos equipos da zona alta. O próximo sen ir máis lonxe será en Mareo ante o segundo clasificado, o Spórting de Gijón, que pode asestar un golpe á clasificación si gaña, xa que deixaría ao Lugo a sete puntos, pero de perder a loita pola Copa do Rei comprimiríase ao máximo.

A partir de aí aparecen no horizonte outros dous encontros a domicilio ante Celta e Deportivo que marcarán os obxectivos polos que loitar esta tempada para o conxunto que dirixe Álex Antón.



Raúl levándose o balón en mediocampo ante dous rivais



Cristian tras anticiparse a un dianteiro do Alondras



Schuster co balón ante un rival e baixo a mirada de Christian

# Resurrección na Fonte

## TRAS VENCER AO VALLADARES O XOVES, o Lugo B enlazou contra o Val Miñor B unha nova vitoria. Os albivermellos apostaron pola contra para pechar o partido



Dylan a punto de controlar un balón solto ante un rival




**Arbitro:** Jorge Mández, Tania Fente e Francisco Ibañez **Campo:** A Fonte (Cospeito)



O porteiro visitante anticipándose a Dani Arias na área

> "Actitude + acerto = gañar. Aptitudes temos de serie"
>
> CASTRO CD Lugo B

Segunda vitoria da semana para o Lugo B que, por primeira vez na temporada, enlaza dous triunfos. Tras impoñerse o pasado xoves ao Valladares, os albivermellos repetiron vitoria o domingo fronte ao Val Miñor B.

O encontro púxose axiña de cara para os lucenses que abriron o marcador aos dous minutos cun disparo de Xabi Domínguez tras un centro raso de Dylan desde a banda. Co 1-0, cedéronlle o balón ao Val Miñor B para saír con perigo á contra e a formulación resultoulles xa que durante o primeiro tempo crearon ocasións suficientes para ver incrementada a renda con remates de Xabi Becerra, ao pau, Xabi Domínguez e Dylan que puxeron a proba ao porteiro visitante, o mellor dos pontevedreses neses minutos. Sen embargo, quedaba pendente pechar o encontro porque o rival tamén fixo algunha advertencia con outro tiro ao pau. Tras o descanso, unha recuperación en campo propio permitiulles anotar o gol da tranquilidade. Dani Arias desmarcouse e serviulle o balón a Xabi Becerra que rematou ben no segundo pau. O 3-0, cos dous mesmos protagonistas intercambiando os papeis, aseguroulles o final de partido máis plácido do que vai de tempada aos lucenses.

**OS MELLORES**

| CD LUGO B | |
|---|---|
| ANDER | ●●● |
| XABI B. | ●● |
| PORTO | ● |



Vila, Ander, Ethan e Asier seguindo de cerca unha acción

# O Rácing sae con boa nota das etapas alpinas

## UNHA VITORIA UNHA DERROTA E UN EMPATE ante Victoria, Deportivo e Calasanz, tres dos catro primeiros clasificados



Paulo golpeando o balón ante a mirada de Óscar



Moreda a punto de roubarlle a carteira ao porteiro visitante



Herrero a punto de controlar un balón en campo rival




**Arbitro:** David Pereira Ferreiro, Jorge Carballo e Jose Luis Cababanas **Campo:** Estadio Roca

> "Buscábamos ser competitivos y lo conseguimos. Resultado justo"
>
> CHOLAS RC Villalbés

Poucas semanas pode haber tan esixentes como a pasada para o Rácing Villalbés na que, en apenas sete días, os de Cholas medironse con tres dos catro primeiros clasificados. A nota final tras estas etapas alpinas é máis que boa, sobre todo no Roca tras sumar catro dos seis puntos en xogo.

O Rácing recibiu a un Calasanz co único obxectivo de volver á División de Honra, pero estes retos ao Villalbés, lonxe de asustalo, gústanlle e sacan o mellor de si mesmos. As forzas igualáronse desde os primeiros minutos, con moita loita no centro do campo e poucas chegadas con perigo ás áreas, aínda que a máis clara na primeira parte foi para os chairegos cun remate de Noel tras un saque de esquina que se foi rozando a madeira.

Xa na segunda parte o Villabés deu un paso á fronte e meteu aos herculinos no seu campo. Álex, de novo tras un saque de esquina, e David, ao rematar por encima do pau un centro lateral de Moreda, amagaron seriamente con romper o cero a cero inicial.

O Rácing creceuse e mereceu o gol pero non chegou e, na recta final, o Calasanz, tras verse superado, tirou de orgullo e dispuxo das dúas últimas ocasións, sobre todo a última na que un xogador visitante conectou unha gran volea que se coaba polo ángulo da portería cando Clemente apareceu voando para realizar unha das paradas da tempada e desviar o balón a córner.

**OS MELLORES**

| RC VILLALBÉS | |
|---|---|
| ANXO | ●●● |
| NOEL | ●● |
| ANIDO | ● |

# O Viveiro fai os deberes

## DÚAS VITORIAS NA DOBRE XORNADA fan que os de Antonio Serrano collan aire e impulso na táboa clasificatoria da Liga Galega xuvenil

**VIVEIRO CF 3 – 2 AT. RIVERA**

**Goles:** Jorge, Pablo Chao e Macly | **Goles:** Yago e Alejandro




**Arbitro:** Jonathan Losada, Diego Fernández e Manuel Martínez **Campo:** M. Marcos Gómez

**7 PUNTOS** de nove nas últimas tres xornadas nas que o Viveiro se está gañando a pulso pasar un Nadal tranquilo en canto a clasificación se refire

### "Semana complicada en la que los resultados eran importantes, ahora a jugar mejor"

ANTONIO SERRANO Viveiro CF

O Viveiro reaccionou da mellor forma posible nun momento no que se empezabaN a acender as alarmas no conxunto que dirixe Antonio Serrano. Malia estar aínda en decembro, a semana chegaba en grao sumo esixente e importante para os celestes, e o Viveiro saíu airoso e fortalecido ao sumar sete dos nove puntos en xogo nos tres encontros disputados.

Tralo empate ante o Val na casa a importancia da dobre cita na ponte da Constitución era máxima. Primeiro saída a domicilio para medirse co Betanzos e proba superada ao impoñerse por dous goles a tres, mentres que o sábado visitaba o Marcos Gómez o Riveira, co coitelo entre os dentes ao ser un rival da zona baixa moi necesitado de puntos.

**OS MELLORES**

| VIVEIRO CF | |
|---|---|
| MACLY | 3 |
| JUAN | 2 |
| YAGO | 1 |

O vento condicionou o encontro desde os primeiros minutos, nos que o Viveiro xogou con moita ansiedade, cometendo precipitacións ante un Riveira que non arriscou o máis mínimo nos primeiros corenta e cinco minutos.

Yago, nunha acción invalidada por fóra de xogo, puido romper o cero a cero inicial, pero iso faríao Jorge nunha das xogadas claves do encontro, ao adiantar ao Viveiro cunha gran xogada individual no último minuto da primeira parte.

Tralo paso polos vestiarios esperábase un pouco máis de control no xogo por parte do Viveiro, pero o partido volveuse tolo por momentos. Os mariñaos sufriron en defensa e o partido entrou nunha fase de intercambio de golpes, primeiro co empate visitante, pero tan só cinco minutos despois Pablo Chao puxo por diante ao Viveiro ao transformar un penalti. A alegría local veu durar pouco, xa que acto seguido o Riveira empató a dous con case media hora por diante.

Ningún equipo se conformou co empate, e unha boa proba diso foi o desenlace final, no que o Riveira puido facer o dous a tres co tempo cumprido, pero o Viveiro, no seu último ataque, levou o balón ata Macly, e este recompensou o esforzo dos celestes cos tres puntos ao asinar o tres dous final no tempo de desconto.


Os xogadores do Viveiro celebrando un gol esta tempada

# A Cheda e a Residencia seguen sen entenderse

## SEIS DERROTAS noutros tantos encontros disputados esta tempada

**RESIDENCIA 0 – 1 AS PONTES**




**Goles:** David por As Pontes

### "La poco eficacia en área contraria nos está costando sacar victorias"

DANI GALÁN SDC Residencia

A dobre xornada da Ponte da Constitución invitaba ao optimismo en canto a unha reconciliación entre a Residencia e a Cheda, sobre todo tralo último empate a domicilio dos de Dani Galán en Santiago ante o Compostela.

**OS MELLORES**

| RESIDENCIA | |
|---|---|
| PEDRO | 3 |
| GARCÍA | 2 |
| IVÁN | 1 |

Pero o guión non foi o desexado. Boiro e As Pontes furgaron na ferida lucense e xa son seis os partidos disputados esta tempada na Cheda e seis derrotas.

A falta de puntería foi o lastre en ambos encontros, xa que a Residencia propuxo máis, sobre todo na primeira parte de ambos partidos. O xoves ante o Boiro os de Galán podían ir gañando tres a cero facilmente aos vinte minutos, e ante o As Pontes, Veloso, Ander en dúas ocasións e Reigosa tiveron nas súas botas o un a cero que non chegou. Na segunda parte Veloso e García iniciaron un carrusel de ocasións sen finalizar que foron minando a moral dunha Residencia que caeu á lona cun KO tras encaixar o cero a un a falta de cinco minutos para o final, nunha acción illada dun As Pontes que fora inofensivo ante Fer ao longo do encontro.

# Borrón en todos os sentidos

## DERROTA E BOCHORNO FINAL con follón entre os xogadores

**CALASANCIO 1 – 2 CD BARCO**




**Goles:** Nico polo Calasancio, Brais e Anuar polo Barco

**Arbitro:** Borja Quiroga Cerviño, Jose Luis Quiroga Gómez e Joel Lanzos Gómez


Rubén Núñez ante o seu banquiño no partido ante o Barco | **Dosi**

### "Perdemos tres puntos e tamén un pouco a nós mesmos"

RUBÉN NÚÑEZ Calasancio

Cando unha actividade de calquera disciplina deportiva e máis si é de formación termina con tangana entre os participantes, o resto do sucedido pasa a un segundo plano. A excesiva tensión que se viviu ao longo do partido e sobre todo na recta final do encontro desencadeou nunha disputa entre xogadores unha vez asubiado o final do partido, o que carrexará de seguro sancións que se coñecerán ao longo desta semana.

O Barco presentouse nas Instalacións Deportivas Álex Blanco cunha formulación moi defensiva de saída, acumulando moitos xogadores por detrás do balón e esperando unha contra ou un fallo dos monfortinos para xerar perigo. O plan trazado polos visitantes executouse á perfección na primeira parte, xa que o Calasancio non estivo cómodo e eles adiantáronse no marcador cunha acción illada ao filo da media hora de partido.

**OS MELLORES**

| CALASANCIO | |
|---|---|
| BRAIS | 3 |
| ANDRÉS | 2 |
| NICO | 1 |

O Barco non se volveu a achegar aos dominios de Manu e o Calasancio empezou a atopar algún espazo, pero sobre todo na segunda parte cunha ocasión moi clara de Pablo e dous goles anulados a Iago por cadanseu fóra de xogo.

Nico asinou as táboas cun remate desde a frontal, e cando parecía que o partido remataría en táboas o Barco volveuse a adiantar cun saque longo de portería sen aparente perigo. De aí ata o final o Calasancio buscou o empate por todos os medios, pero non atopou o camiño do gol ante un Barco que aguantou o asedio final monfortino.



Pérez a piques de controlar o balón na área rival



Brian a piques de disparar a portería ante a mirada de Samu



Samu conducindo o esférico por diante de Asier

**CD LUGO** 1 | 2 **OURENSE CF**

**Gol:** Brian | **Goles:** Carlos e Fernández




**Arbitro:** Pedro Castro Gomez, Rubén León e Ismael Martínez **Campo:** A Fonte (Cospeito)



Fonseca anticipándose a un rival nun lance do xogo

# Excesivo castigo na Fonte para o Lugo

**OS DE MARTÍN MURADO** propuxeron moito máis e foron mellores, pero o Ourense trazou e executou o seu plan á perfección

O Lugo, que fixera as paces cos resultados en casa tras impoñerse ao Val Miñor o pasado xoves, volveu ver como os tres puntos voaban da Fonte. O Ourense levouse todo o botín nun partido marcado polo repliegue intensivo dos visitantes e a contundencia nas ocasións que xeraron.

Desde os primeiros minutos viuse que o Lugo teríase que armar de paciencia ante o rival que máis replegado xogou esta tempada en Lugo.

Os de Martín Murado fixéronse co control total do xogo, pero éralles moi complicado exceder liñas de pase ante un Ourense á espreita, esperando o máis mínimo erro lucense para xerar perigo ante Frutos.

O plan do Ourense tivo unha excesiva recompensa no ecuador da primeira parte, co primeiro erro do Lugo nun mal despexe que aproveitaron os visitantes para inaugurar o marcador, fortalecer a súa formulación e chegar ao descanso con vantaxe.

> "Temos que continuar na pelexa e levantar a cabeza"
>
> MARTÍN MURADO CD Lugo

**2**

**VITORIAS** na casa. Ante o Victoria na segunda xornada e ante o Val Miñor o pasado xoves na Fonte. Malia iso os de Martín Murado son cuartos na táboa clasificatoria

A entrada de Hugo ao terreo de xogo deulle ao Lugo máis presenza en ataque, sobre todo en accións a balón parado. O Lugo tiña claro o que tiña que facer, pero o dous a cero aos cinco minutos da segunda parte, tras unha contra illada, parecía que podería sentenciar o encontro. Con todo, nada máis sacar de centro, Brian rematou un saque de esquina e o Lugo iniciou un acoso que se quedou sen derruba pese a meter practicamente a todo o Ourense a defender na súa propia área achicando balóns fóra.

# O Rácing supera a proba de madurez

**OS DE SIMÓN LAMAS** pechan a semana con sete dos nove puntos en xogo, sen encaixar goles e tras empatar co Deportivo



Dani encabezando aos seus compañeiros no Estadio Roca

A falta de dúas xornadas para o final da primeira volta o do Rácing Villalbés xa é unha realidade no alto da clasificación. Os de Simón Lamas volveron estar por encima das expectativas na semana grande das categorías superiores, na que se disputaron tres encontros.

No primeiro o Villalbés impúxose ao Victoria B cun gol do capitán Gabriel, que se perdeu o duelo do xoves ante o Deportivo no Roca por lesión. Pese a iso o Rácing maniatou aos herculinos e asinou un meritorio empate a cero. Nesta xornada, tamén coa ausencia de Gabriel o Rácing volveu deixar a súa portería a cero por terceira xornada consecutiva.

**URAL CF** 0 | 1 **RC VILLALBÉS**

**Gol:** Iago Gesto




**Arbitro:** Alexandre Represas, Brais Núñez e Ignacio Lorenzo **Campo:** Leyma

O Ural quixo un pouco máis o balón, pero as forzas estiveron moi igualadas, sobre todo na primeira parte na que as xogadas de estratexia acapararon todo o protagonismo ofensivo. Na segunda o Villalbés esperou a súa oportunidade e esta chegou a falta de dous minutos, cunha prolongación de Cadra tras un saque de banda longo de Cabado que enviou ao fondo das mallas Iago Gesto para poñer o broche de ouro á semana cunha acción ensaiada que vale tres puntos, xusto antes de recibir no Roca a todo un Bertamiráns, líder en solitario da Liga Galega cadete.

**OS MELLORES**

| RC VILLALBÉS | |
|---|---|
| IAGO G. | ★★★ |
| NOEL T. | ★★ |
| CABADO | ★ |

> "Para un equipo cadete, conseguir tres partidos seguidos con portería a cero penso que é moi meritorio. Coas baixas que estamos a ter, ese e o camiño para competir arriba de todo"
>
> SIMÓN LAMAS RC Villalbés


Boixet impoñéndose nun balón solto ante Cabarcos


Raúl escondendo o coiro ante a chegada do celeste Loureiro

# Milagrosa remontada do Viveiro no derbi

**OS CAPITALINOS FORON MELLORES NA PRIMEIRA PARTE,** adiantándose por medio de Rober, pero Luis, con dous goles, deulle a volta ao partido

| VIVEIRO CF | | | SCD MILAGROSA |
|---|---|---|---|
| Goles: Luis (2) | 2 | 1 | Gol: Rober |




**Arbitro:** Jorge Michelena Gradio, Jose Vale e Diego Fernández **Campo:** M. Marcos Gómez

**10**

**GOLES LUIS** tralos dous no Marcos Gómez o pasado sábado, o extremo celeste xa chegou a dobres díxitos cando aínda non rematou a primeira volta da competición

### "Partido en el que el juego era lo menos importante" LUCHI Viveiro CF

### "Perdemos muchos puntos nosotros solos, tenemos que cerrar los partidos mejor" MADRILES SCD Milagrosa

O Viveiro quedouse cos tres puntos no Municipal Marcos Gómez tras remontar con dous goles de Luis o cero a un co que a Milagrosa adiantouse tras ser mellor ao longo dos primeiros corenta minutos.

Os capitalinos sorprenderon de saída recuperando o clásico 4-4-2 de principio de tempada. Estiveron máis intensos, viron portería e puideron irse ao descanso cunha renda máis ampla.

A Milagrosa empezou mellor, Rafa dispuxo dunha primeira ocasión nada máis empezar e aos oito minutos Rober inaugurou o marcador ao aproveitar un rexeite. O Viveiro caía unha e outra vez na trampa rival ao conducir en exceso e ao non ter vías para progresar Trasi e Luis. Os de Madriles estaban máis cómodos, xa que cada vez que roubaban iniciaban unha contra con perigo. Deste xeito Cabarcos estivo a piques de facer o cero a dous nun man a man no que Egoitz gañoulle a partida e á Milagrosa anuláronlle un gol por fora de xogo que foi moi protestado.

O Viveiro estirouse un pouco no tramo final da primeira parte cunha ocasión de Hugo, pero o máis importante para o de Luchi foi que saíron con vida dos primeiros corenta minutos. No descanso o adestrador celeste adiantou as liñas do seu equipo aproveitando o aire a favor, e do resto encargouse Luis. Primeiro ao empatar aos seis minutos e, no medio dun derbi con máis entrega que fútbol e con máis disputas que xogo, apareceu de novo Luis para enviar ao fondo das mallas un pase de Álex que desatou as protestas da Milagrosa ao pedir insistentemente un fóra de xogo que o colexiado non sinalou.

**OS MELLORES**

| VIVEIRO CF | | MILAGROSA | |
|---|---|---|---|
| LUIS | 3 | ROBER | 3 |
| ÁLEX | 2 | YAGO | 2 |
| TRASI | 1 | GAEL | 1 |


Brais e Álex medíndose tras un balón solo no Maros Gómez


O albivermello Cabarcos e o mariñao Novo nun lance do encontro


Luis intentando desbordar a Pajón nunha acción ofensiva

# O Lugo B colle impulso tras impoñerse en Lalín

**GRAN REACCIÓN** dos de Seoane tras perder o xoves o derbi ante a Milagrosa en Frigsa

| LALÍN | | | CD LUGO B |
|---|---|---|---|
| | 0 | 2 | |




**Gol:** Nodar e Borja polo CD Lugo.

### "Hai que seguir traballando día a día. O esforzo levaranos á mellora individual e colectiva" SEOANE CD lugo B

